

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA
IES A CACHADA

NON SÓ É LUM

NON SÓ É LUM

IES A CACHADA, BOIRO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

ÍNDICE

1	Título do proxecto	3
2	Introdución	3
	2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	3
	2.2 Xustificación do proxecto	5
3	Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación	6
	3.1 Obxectivos a curto prazo	6
	3.2 Obxectivos a longo prazo	7
4	Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos	7
	4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	7
	4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	11
5	Organización, desenvolvemento e metodoloxía	12
6	Xestión e calendario	12
7	Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	13
	7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	13
	7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)	14
	7.3 Outros membros da comunidade educativa	14
8	Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	14
9	Orzamento. Xustificación e desagregación	15
10	Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas	15
11	Medidas de difusión do proxecto	15
	11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos	15
	11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa, na contorna e/ou noutros espazos)	15
12	Plan de avaliación	16
	12.1 Criterios e indicadores para a avaliación	16
	12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa	16

1 TÍTULO DO PROXECTO

Non só é lume 2

2 INTRODUCCIÓN

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

O IES da Cachada está situado no centro da vila de Boiro. Este concello supera os 18.000 habitantes e a súa capitalidade experimentou nos últimos anos un forte crecemento. É significativo o feito de que sexa un concello no que existe unha importante actividade mariñeira, conserveira e téxtil, o que propicia a chegada de novos habitantes de zonas galegas e tamén do estranxeiro.

A poboación é na súa maioría galegofalante, aínda que no centro (igual que noutras vilas) aumenta de forma considerable o número de castelanfalantes como consecuencia da perda da transmisión xeracional da nosa lingua entre os sectores máis novos da poboación.


O IES da Cachada está situado no mesmo centro urbano de Boiro; nel só se imparte a etapa de ESO, ten 16 unidades, 389 alumnos e alumnas e 39 profesores e profesoras. Ao instituto chega alumnado procedente, na súa maioría, dos CEIP de Abanqueiro, Cespón, Santa M^a do Castro e Santa Baia. Os dous primeiros son centros do rural, Santa M^a do Castro atende os alumnos da vila mariñeira de Cabo de Cruz e Santa Baia é o colexio que acolle o alumnado do centro urbano de Boiro. Tamén debemos ter en conta a incorporación de alumnado estranxeiro (13 alumnos/as) que cada ano vai incrementando a súa presenza no noso centro. En canto ás exencións en lingua galega, contamos con 7 alumnos/as para os que, tal e como establece o Decreto 79/2010 do 20 de maio, se habilitaron unha serie de medidas de integración lingüística.


O alumnado do centro ten, nunha porcentaxe superior ao 70 %, o galego como lingua de instalación e de emprego cotián. Esta porcentaxe baixa considerablemente dentro da zona urbana onde apenas supera o 50 %. Os prexuízos aínda están latentes, por iso as nosas medidas van encamiñadas a combatelos e así mesmo pretendemos que o alumnado sinta que co galego tamén se pode navegar polo mundo da tecnoloxía, que é unha lingua igual de útil ca outras e que con ela podemos avanzar e integrarnos noutras sociedades nas mesmas condicións. Cada ano constatamos a diminución de galegofalantes nas nosas aulas; por exemplo, en primeiro da ESO observamos que un número elevado de alumnado abandonou o galego como lingua de uso cotián, e cada vez son máis os que falan só castelán nas aulas.

En canto ao profesorado, cómpre indicar que actualmente contamos cun cadro de persoal de 39 profesores e profesoras; algúns deles están nunha situación de carácter provisional no centro. A isto temos que engadirlle o persoal substituto que cobre as baixas durante o curso académico. Como consecuencia desta situación, obsérvase unha itinerancia verbo do

profesorado que esixe unha serie de medidas orientadas a certa estabilidade lingüística. Podemos indicar que a porcentaxe de profesorado galegofalante diminuíu considerablemente no noso centro.

Estes son os últimos datos, enquisa de diagnose, que temos sobre a situación do galego entre o noso alumnado:





2.2 Xustificación do proxecto

De termos en conta a denominación dos PIDL nos que se menciona a innovación educativa, cremos que esta é a pedra filosofal sobre a que se ten que sustentar este proxecto e outros que facemos dende o EDLG. Partimos dunha situación desfavorable que mesmo está recollida por lei: o Decreto de plurilingüismo do 2010, o cal afastou o galego do ámbito das tecnoloxías e das matemáticas. Por iso cremos que iniciativas coma esta son necesarias para actuar como contrapeso a esta inxusta situación á que se relegou a nosa lingua.

Por outra banda, a nova lei educativa, a LOMLOE, pon en valor o respecto pola natureza en consonancia cos principios que rexen a Axenda 30 e que se ven concretados nos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), que constitúen un chamamento universal á acción

para lle poñer fin á pobreza, **protexer o planeta** e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo.

Por iso pensamos que o noso proxecto é moi valioso para concienciar o noso alumnado do que significan os incendios forestais e a obriga que temos de protexer o planeta. En concreto, no Barbanza todos os anos son miles de hectáreas as que se queiman, poñendo en perigo a vida das persoas e as súas pertenzas. Pensamos que detrás destes voraces lumes latexan outros problemas que teñen que ver co cambio climático, co monocultivo de eucaliptos (desertos verdes), con intereses económicos, abandono do rural etc.

Ademais, este é un **proxecto multidisciplinario** que procura a implicación dunha gran parte da comunidade escolar e a inclusión das familias e organismos, como as universidades e os concellos, nas actividades que se desenvolvan. Ten como **principal obxectivo** a consecución das competencias clave e a achega ás tecnoloxías da comunicación e informática, así como pasalo ben e seguir procurando o bo clima de traballo e de relacións que temos no noso centro e, como non, **fomentar e prestixiar a lingua galega**, xa que é un proxecto presentado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coordinado por unha profesora de Lingua Galega. Cremos que a transversalidade é a mellor ferramenta para normalizar a nosa lingua.

O noso proxecto é ambicioso e continuador do que fixemos o ano anterior, **Non só é lume**. Utilizaremos para tales fins variadas ferramentas dixitais e informáticas. Promoveremos o noso proxecto nun formato blog e difundiremos as actividades a través das redes sociais.

3 OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.1 Obxectivos a curto prazo

Os obxectivos que pretendemos acadar son aqueles nomeados na nova lei orgánica (LOMLOE) e na Axenda 30, ademais dos contemplados no noso proxecto de dinamización lingüística e doutros plans do centro, tales como:

- Formar o alumnado, a través de charlas, e o profesorado para poder crear unhas actividades que sexan, ante todo, atractivas, visibles e que se poidan compartir: videoxogos baseados en conceptos lingüísticos e de cultura galega, pezas audiovisuais (unha curtametraxe), uso de GPS e outras ferramentas, aplicacións reais das matemáticas e da física, creación artística e coñecemento sobre a nosa cultura máis ancestral.
- Retroalimentar o proceso a través da publicación das actividades e difusión/participación doutro alumnado nelas. Darlle protagonismo ao papel do alumnado na xestión da actividade: eles e elas deseñan os xogos e as pezas audiovisuais.
- Fomentar o traballo en equipo e ben coordinado dos profesores e profesoras e do alumnado do centro.

- Propiciar un ambiente de creatividade colectiva que relacione os contidos de diferentes materias, implicando de xeito máis activo o alumnado e as súas familias.
- Colaborar con diversas entidades: Concello, Universidade...

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Darlles continuidade temporal e espacial ás actividades: de feito, esta é unha actividade prolongada no tempo.
- Concienciar a comunidade escolar sobre a necesidade de protexer o noso patrimonio natural e fomentar, no seu día a día, prácticas ecolóxicas e ambientais.
- Conseguir que o alumnado se sinta orgulloso do proxecto. A este respecto, temos comprobado a partir de anteriores propostas do EDLG que o factor orgullo é moi importante na difusión e posterior implicación nas actividades.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que, tendo o galego como lingua vehicular, lle permita percibir a utilidade do noso idioma como unha lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- Vencellar a lingua galega a un imaxinario de modernidade e de prestixio social.
- Promover o uso activo de ferramentas TIC por parte do alumnado, e das TAC por parte dos docentes, mellorando así a súa práctica profesional.
- Promover a creación de materiais novidosos e atractivos, que estimulen o traballo de profesorado e alumnado en galego e que sexan útiles para a comunidade educativa.
- Impulsar a normalización lingüística e cultural do contorno, nun labor dinamizador que preste singular atención ao sector cultural.

4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

A importancia dos proxectos de innovación educativa reside en que as novas oportunidades de aprendizaxe son moi atractivas para o alumnado e fomentan, en consecuencia, o seu interese, o que provoca que asimilen os contidos de xeito máis eficaz. Por iso o noso proxecto ten unha finalidade concreta e é que a curto prazo o alumnado adquira unha conciencia ecolóxica, neste caso centrada nos voraces incendios forestais, nas súas variadas causas e nas súas desastrosas consecuencias.

Presentarlles esta proposta de xeito novidoso e utilizando as ferramentas dixitais produce un maior interese neles e vai repercutir de xeito extraordinario na súa contorna familiar e social. A metodoloxía que imos aplicar –investigación propia, uso de ferramentas TIC,

traballo colaborativo...—, fronte a outras tradicionais, precisa da acción do alumnado e a súa implicación, desenvolvendo deste xeito a competencia de aprender a aprender.

Imos tamén ter en conta a atención á diversidade e á inclusión porque pretendemos que todo o alumnado se sinta ben, cómodo, e que desenvolva as competencias a través de actividades, tempos e espazos adaptados ás diferentes capacidades e necesidades.

Velaquí a nosa proposta de actividades a curto prazo:

PROPOSTA 1

- Visita á Facultade de Belas Artes para recollermos información sobre o **Mestrado de Deseño e Dirección Creativa en Moda**, xa que na materia de Educación Plástica e Visual van traballar un contido do seu currículo, A arte da reciclaxe. Produtos ecolóxicos e sostibles e innovadores. Arte e natureza, que está moi relacionado co noso proxecto.
- Visita á **Escola de Enxeñaría Forestal**, que garda unha relación moi estreita co conxunto do proxecto "Non só é lume". Buscamos que o noso alumnado aprenda todo o relativo a este ámbito.
- **Visita guiada** pola cidade de Pontevedra. Este proxecto é multidisciplinario, os incendios forestais sêrvennos de punto de partida para tratar outros moitos aspectos que teñen que ver coa sostibilidade, pero tamén coa literatura, coa arte, coa física, coa tecnoloxía...
Consideramos que Pontevedra é exemplo de cidade sostible, de urbanismo dinámico e pensado para a cidadanía, ademais de modelo para un consumo de proximidade xerador de riqueza económica, social e cultural.

PROPOSTA 2

Ao ser este proxecto unha continuidade do anterior, e despois de o ano pasado realizar unha curtametraxe tomando como referencia a película *O que arde* de Oliver Laxe, este ano imos traballar:

- O lume na literatura, a metáfora do lume.
- O lume na obra de Luísa Villalta.
- Faranse videopoemas e recitais que se gravarán en vídeo, con fondo musical creado polo noso alumnado.

PROPOSTA 3

O lume está moi presente na nosa comunidade. O ser humano sempre estivo ligado ao lume: como método de supervivencia, o lume protéxenos dos malos espíritos, o lume é purificador, simboliza o cambio, a rexeneración da terra e das almas. Se ben é certo que na actualidade a festa do lume por excelencia é o San Xoán, os nosos antepasados celtas celebraban o Beltane (1 de maio), que eran rituais nos que os druídas celtas bendicían o gando mediante grandes fogueiras, e nos que a cinza e o fume eran protectores para que tiveran boa saúde; esta cerimonia ía acompañada de saltos e bailes entre as chamas e dunha gran festa.

- Preténdese dar a coñecer ao alumnado esta festa (os fachucos...).
- Faranse presentacións orais na aula.
- Faranse carteis e gravacións que despois se subirán ás redes.
- Falaremos e poñeremos nun mapa os países onde se celebra o Beltane, buscaremos as relacións que poidan ter en canto a música, cultura...
- Celebraremos a festa dos maíos que é a Beltane actual.
- Farase un maio en tecnoloxía, gravaremos o proceso e subirémolo ás redes.
- Procura de plantas nos bosques próximos (implicación das familias), identificación e beneficios. Tradición oral ao redor delas.

PROPOSTA 4

- Traballarase con ditos e refráns sobre o lume.
- Na actividade utilizaranse recursos como un lenzo dixital público, por exemplo, o recurso www.linoit.com que servirá para que os pais e nais do noso alumnado poidan participar, como un xeito de implicalos na vida do centro.

PROPOSTA 5

- Estudo das superficies queimadas a nivel local e mundial (selección).
- Aplicación da xeometría a partir da utilización da ferramenta SIGPAC.
- Análise das características, perímetro, área e volume da zona que se vai analizar.
- Estudo dos polígonos.

PROPOSTA 6

- Farase unha instalación coa técnica xaponesa de origami e kusudama, na que se

representará a natureza viva, moi colorida (paxaros, bolboretas...), e como despois da catástrofe dun incendio forestal toda esta exuberancia se volve negra.

- A instalación estará exposta na entrada do centro.
- Gravarase e subirase á rede.
- Creación de obras de arte a partir dos polígonos que se estudaron na área de matemáticas e que supoñen a representación da superficie queimada. Nova vida colorida e virtual.

PROPOSTA 7

- Farase unha alarma antiincendios.
- Simulación dun incendio e de como se apaga, proba de combustión.
- Utilización de drons e robótica para a prevención, vixilancia e control dos lumes.
- Creación de videoxogos con temática de prevención de incendios.

PROPOSTA 8

- Traballarase co alumnado a "política de terra queimada nas distintas guerras ao longo da historia". Emprego da ferramenta informática [videopodcast](#).
- Traballarase con edición de mapas, [scribblemaps](#), [google maps](#), para observar a vexetación dunha zona afectada polos incendios forestais e comparala con outra que non sufrira esta devastación.
- O clima como detonante dos incendios forestais. O cambio climático.
- Uso de aplicacións de preguntas e respostas como [Kahoot](#) ou [Quizziz](#) sobre o traballado na clase.
- A demografía: estudo dalgunha aldea abandonada (ex. a aldea de Mato, Noia).
- Visita, coa análise do seu pasado e das propostas que se fagan no presente para que volva rexurdir nun futuro próximo.
- **O abandono do rural como unha das causas dos incendios:** reflexión, concienciación e pequenas achegas para o deseño e planificación de políticas para o desenvolvemento social e económico das aldeas. Entrevista a parlamentarios de distintos grupos políticos para que nos digan cales son as súas propostas. Reflexión.
- Farase unha ruta por esta, ou outra, aldea abandonada e colgarase en Wikiloc, creando *waypoints* para *tracks* e para grupos.
- Os incendios: dende o Barbanza ao Courel: coñecer o territorio propio e crear unha **audioguía** (en galego) coa ferramenta **Voices**, que é un portal onde podemos atopar e crear audioguías localizadas xeograficamente sobre **Google Maps**, que nos dean información relevante sobre aspectos históricos e xeográficos destes lugares.
- Utilización doutras ferramentas gratuítas como **scribblemaps**, **sketchtmap**

(que nos servirá para subir a Facebook e X o mapa creado).

PROPOSTA 9

- Tradución ao portugués, co alumnado de 1º de ESO, dalgunhas páxinas do cómic de David Rubín: *O lume*.
- Análise da linguaxe do cómic e exposición final.

PROPOSTA 10

Os lumes son reaccións químicas de oxidación moi violentas e que desprenden unha gran cantidade de calor, feito que afecta de forma importante ás propiedades fisicoquímicas de toda a contorna. A finalidade do proxecto é investigar distintos aspectos relacionados coa presenza dos lumes:

- Estudo de conceptos básicos relacionados cos lumes (comburentes, combustibles, retardantes...), así como as temperaturas acadadas en función dos reactivos queimados.
- Propiedades fisicoquímicas dos solos tras os incendios: pH, condutividade eléctrica, perda da capacidade de absorción de auga (estabilidade estrutural), modificación de elementos químicos...
- Análise dos diferentes produtos da reacción de combustión e a súa influencia negativa na contaminación global.
- Emprego de diferentes substancias para a extinción de lumes.

4.2 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

Queremos que este proxecto teña continuidade no tempo, de feito xa comezou o curso anterior, e procuramos que estea en sintonía cos outros proxectos do centro e en especial co contrato programa EduSostibilidade, que está centrado no clima e no consumo sostíbel no centro e fóra del, tanto por parte do alumnado coma do profesorado.

Pretendemos dalo a coñecer a través das redes sociais. Queremos implicar as familias e as institucións, chamar a atención ao conxunto da sociedade sobre esta lacra, investir en ecoloxía para que este alumnado, adultos do mañá, sexa promotor e difusor dun novo mundo máis san, máis limpo e máis sostíbel.

En definitiva, queremos que vexan a lingua galega como unha ferramenta de comunicación válida e moderna para tratar todas as cuestións (a ecoloxía en particular) que lle preocupan á sociedade.

5-6 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA. XESTIÓN E CALENDARIO

Ao ser un proxecto transversal, multidisciplinario e anual sempre vai estar suxeito a cambios. Entendemos que a flexibilidade é un pilar básico de todo proxecto.

1º trimestre	● Contacto coas responsables provinciais ● Información ao alumnado ● Comunicación ao claustro ● Contacto co profesorado participante ● Información sobre o proxecto Non so é lume do curso 2022/23 ● Planificación e deseño de actividades para o curso, comunicarlles aos participantes que é unha segunda parte ● Realización das actividades iniciais: visita a Pontevedra
2º trimestre	● Presentación da solicitude de participación na convocatoria da SXPL de realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística ● Desenvolvemento das actividades que correspondan a este trimestre. Seguimento e posta en común
3º trimestre	● Desenvolvemento das actividades que correspondan a este trimestre. Seguimento e posta en común ● Exposición e presentación, a través de diferentes canles (redes sociais), das actividades realizadas ● Presentación do blog ao alumnado e no claustro de profesores ● Realización da memoria
Metodoloxía	Será activa e colaborativa, orientada á implicación de toda a comunidade educativa mediante a selección de actividades e recursos que sexan motivadores para o alumnado (p.e. relacionados coas TIC, coa gamificación, co audiovisual etc.).

7 RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Profesora- coordinadora do proxecto: Carme Robledo Muíña.

Profesor-coordinador do EDLG: Mariano Muñiz Blanco

Coordinación do proxecto, subir ás redes sociais o material resultante e subir ao blog os materiais creados.

Desenvolverán a **PROPOSTA 1**

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

Profesora: Carme Robledo Muíña.

Desenvolverá a **PROPOSTA 2**

Profesora: Carmen Rodríguez Varela.

Desenvolverá a **PROPOSTA 3**

Profesora: Alexandra Pacheco González

Desenvolverá a **PROPOSTA 4**

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Desenvolverá a **PROPOSTA 5**

Profesora: Iria Brandariz (colaborou o pasado curso no proxecto e no blog)

DEPARTAMENTO DE PLÁSTICA E AUDIOVISUAL

Profesor: Manuel Garrido Pérez

Desenvolverá a **PROPOSTA 6**

Profesora: Sonia Sueiro (colaborou o pasado curso no proxecto e no blog)

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Profesora: Ana Fernández Moreiras

Desenvolverá a **PROPOSTA 7**

Profesora: Flor Domínguez Martínez (colaborou o pasado curso no proxecto e no blog)

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Profesor: Alberto Veiga Puente

Desenvolverá a **PROPOSTA 8**

DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS

Profesor: Denis Vicente Rodríguez

Desenvolverá a **PROPOSTA 9**

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Profesora: Aida Gómez Carro

Desenvolverá a **PROPOSTA 10**

7.2 Alumnado participante (curso, nivel e número)

Participa unha porcentaxe elevada de alumnado (40 %) de todos os niveis e de todos os cursos.

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Destacamos o papel desempeñado polas familias que participaron activamente na gravación da curta "O que arde". Tamén participaron os bombeiros, un deles pai dunha alumna, que tiveron a ben concedernos unha entrevista. Unha das exposicións de Educación Plástica fixéronse na cafetería do centro.

Agradecemos tamén a colaboración de Amador Arias, personaxe principal da película de Oliver Laxe e personaxe da nosa curta, que de xeito altruísta nos deu charlas e falou da súa experiencia como actor.

8 RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

- Equipos informáticos
- Cámaras de fotografía
- Videocámaras
- Trípodes
- Son
- Altosfalantes
- Cadernos de rexistro
- Material funxible
- Medios de transporte

9 ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

Concepto	Importe
Material audiovisual	468,27 €
Imprenta	302,50 €
Autobús	1 100,00 €
Material funxible	292,29 €
Total	2 163,06€

10 COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS E EMPRESAS

Colaboración co Concello de Boiro a través do Servizo de Normalización Lingüística.

Así mesmo, colaboramos coa Universidade de Vigo (Facultade de Enxeñaría Forestal, Facultade de Belas Artes, Facultade de Comunicación).

Foi tamén esencial a participación do Concello de Pontevedra: visita guiada á cidade, modelo de sostibilidade.

Colaboración coa Asociación Cultural Olloboi, xa que parte dos seus integrantes son membros da nosa comunidade escolar, o que nos permite ter acceso directo a materiais, contar con profesionais do audiovisual etc.

Colaboración con empresas de Boiro, familiares do alumnado, onde realizamos a gravación da curta.

11 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO: ACCIÓNS E ALCANCE

As redes sociais son a nosa principal ferramenta para a difusión do traballo: [facebook](#), [instagram](#), podcast, youtube (na nosa propia canle: [Cachavideo...](#)) e o noso [Blog](#) que, ao ser este un proxecto continuísta, se pode consultar.

Tamén se difundirá en medios escritos: *La Voz de Galicia*.

A colaboración coas familias é un eixe fundamental de todos os proxectos que se fan no centro, e participan de xeito activo na difusión das súas actividades.

12 PLAN DE AVALIACIÓN

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Tendo en conta o obxectivo prioritario do proxecto –construír un proxecto de equipo, que ilusione, de carácter innovador, con emprego de ferramentas TIC e que dignifique o galego en ámbitos contemporáneos, redes sociais, videoxogos, comunicación, ferramentas interactivas, colaboración cos axentes sociais..., especialmente entre a xuventude urbana–, entendemos que isto é o que debemos conseguir:

- Deseño, difusión e realización, con éxito, de todas as actividades aquí presentadas.
- Consecución dun ambiente de traballo creativo, responsable e produtivo: isto observárase de forma directa nos diferentes grupos de traballo (de elaboración dos videoxogos, de edición audiovisual, mapas interactivos...).
- Aprecio polos produtos elaborados que suscitan interese: isto valorárase na participación da comunidade educativa, na redifusión da experiencia nas redes sociais e na publicidade que se lles dea a estas actividades.
- Adquisición de competencia de uso coas ferramentas TIC: isto será observable no nivel de complexidade/creatividade das actividades propostas.
- Superación do prexuízo lingüístico que vencella o galego á obsolescencia tecnolóxica e á científica matemática.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Evidentemente, o propósito concreto deste proxecto é mellorar o uso da lingua galega, tanto no oral como na escrita, pero, máis polo miúdo, facelo entre a mocidade urbana e en ámbitos que adoitan considerarse innovadores (redes sociais, videoxogos, audiovisual). En todo caso, participar nas actividades vai implicar, necesariamente, adquirir vocabulario e mellorar a competencia lingüística. E por suposto, facelo no eido das novas tecnoloxías, opción que non adoitan usar habitualmente e que agardamos conduza a actitudes máis positivas de cara ao emprego do galego.

Da información obtida mediante observación directa e a través das enquisas, así como de posibles comentarios no sitio web do proxecto, presentarase oportuna conclusión na memoria do proxecto.